

## ACTA

### REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

**DATA:** mércores 26 de abril de 2023

**HORARIO:** 17.30 -20.00

**LUGAR:** Rúa Dublín, nº6 Santiago de Compostela – A Coruña / Sede do COTSG – vía zoom

#### **RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:**

Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)

Pablo Antelo García (Vogal)

Ana Vilar Varela (Vicepresidencia)

Cristina Díaz Mira (Vogal)

Ana María Rodríguez Fernández  
(Secretaría)

Laura Zapata Criado (vogal)

María Rosario Capelo Casas (Vogal)

Antonio Doval Canabal (Tesouraría)

#### **RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES ONLINE:**

#### **RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES:**

Elena Gómez Fernández (vogal)

Adriana Vieites Freire (Vogal)

### **1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 22/02/2023**

Queda adiada a aprobación desta acta por dificultades na súa redacción. .

### **2. Cuestións de persoal.**

Ana Rodríguez, responsable da xestión de persoal, informa da reunión mantida a petición da técnica Tamara Fernández Arias, na que solicita que se proceda ao seu despido para poder acceder á prestación de desemprego.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade despois do asesoramento xurídico preciso, que non existe ningún motivo para acceder a esta solicitude.

### **3. Defensa da profesión: valoración do contencioso administrativo RPT do Concello de Chantada.**

Queda adiado ate nova información.

### **4. Informe sobre Asemblea Unión Profesional de Galicia celebrada o 13/04/2023**

Acórdase elaborar un escrito para dirixir a Unión Profesional manifestando o malestar do Colexio pola intervención do Presidente respecto á decisión da Xunta de Goberno de non asinar un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza e exixir que se realice unha rectificación pública na vindeira Asemblea.

### **5. Organización da XG**

Hai varios puntos pendentes a tratar dentro do programa de actividades:

- Reunión coa Secretaría Xeral de Igualdade para facer proposta de modificación do convenio de colaboración.
- Mesa política : vaise encargar Miriam co apoio da técnica de comunicación e as persoas colexiadas anotadas
- A partir de setembro de 2023: iniciar os traballos da comisión de expertos para facer un estudo diagnose dos servizos sociais en Galicia.

- A partir de novembro do 2023: contactos para ver a oportunidade de organizar unha formación universitaria de Traballo Social Sanitario e un curso superior sobre Supervisión en Traballo Social.
- Acórdase que o correo de info o xestione Lorena Lamas mentres non hai persoal asignado ao respecto
- Antonio Doval continúa co traballo para a recompilación de información e reunións para desenvolver o proxecto dun servizo de emerxencias sociais.

## **6. Aprobación, se procede, do Código de Bo Goberno e convocatoria da Asemblea Xeral**

Acórdase aprobar o proxecto de Código de Bo Goberno, queda adiado o sinalamento dunha data para convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria na que se sometera a aprobación definitiva.

## **7. Próximas formacións do Consello Xeral de Traballo Social**

- Escola de verán (Navarra): persoas da Xunta de Goberno que van ir Antonio, Miriam e Laura.
- Acórdase pagar á colexiación 5 bolsas para esta formación.
- Xornadas estatais de servizos sociais (Burgos): da Xunta de Goberno asistirán Rosi e Cristina, e ofertaranse entre as persoas colexiadas 5 bolsas para animar a participación.

## **8. Congreso estatal de Traballo Social e Saúde • Informar e dar resposta sobre as queixas do manifesto contra a representación de Amelia Valcárcel no Congreso • Merchan para o stand**

Acórdase levar o material que queda dispoñible no Colexio como merchandasing agás as carpetas que se adquiriron para a Gala

Infórmase dos escritos remitidos ao Colexio e ao Congreso de Saúde pola disconformidade de participación da ponente Amelia Valcárcel. Tamén contramanifestos de persoas que apoiaban a participación de Amelia .

O Colexio non figura como organizador do Congreso polo que non se lle da resposta.

## **9. Programación coas Universidades (Miriam)**

Acórdase a participación nos actos das universidades no momento no que se dispoña de personal técnico contratado.

## **10. Revisión e aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Mesa de Redacción da revista Fervenzas**

Apróbase por unanimidade a modificación do Regulamento que se engade como Anexo I

## **11. Estudio dunha queixa para determinar si pode ser susceptible de levar á Comisión Deontolóxica.**

Acórdase que non é unha queixa de competencia da Comisión, xa que corresponde a unha cuestión laboral pero non se pode considerar mala praxe.

## **12. Información Consello Xeral: IMV; Lei 8/21; Grupo SAD e finalización do borrador da ordenanza municipal**

Punto adiado para a seguinte reunión da Xunta de Goberno.

## **13. Rogos e preguntas.**

Non hai rogos nin preguntas.

## **BAIXAS E ALTAS**

Baixas: 1197 (desemprego), 3036 traballa GC10, 532 defunción, 4079 desemprego, 4202 traballa GC 04, 3695 traballo GC 09.

Altas: 4376, 4377, 4378, 4379, 4380, 4381, 4382, 4383, 4384, 3201, 4385, 432, 4386, 4387, 4388, 4389, 4390, 4391, 4392, 4393, 4394, 4395, 4396, 1974

**Número de persoas colexiadas 3.314**

---

ANEXO I

**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA MESA DE REDACCIÓN DA REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL “FERVENZAS”**

## 1. PRINCIPIOS BÁSICOS EN TORNO Á REVISTA

Fervenzas é unha revista científica do Traballo Social editada polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e que ten, como finalidade principal, a difusión de estudos científicos e experiencias profesionais relacionadas co Traballo Social desenvolvido en Galicia. Con esta publicación, preténdese crear un espazo de colaboración, desenvolvemento e aprendizaxe das/os profesionais do Traballo Social, en pos dunha evolución dos principios e coñecementos xerais da disciplina e a profesión.

A revista nútrese fundamentalmente dos artigos científicos elaborados por traballadores/as sociais colexiados/as no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que realizan a súa actividade profesional na nosa comunidade autónoma.

Co obxectivo de permitir un coñecemento mais exhaustivo do Traballo Social, desde o ano 2022 a Revista Fervenzas está dispoñible en formato dixital e en acceso aberto, estando todos os contidos dispoñibles de forma gratuíta para as/os lectoras/es, baixo o principio de facer dispoñible a investigación ao público e fomentar un maior intercambio de coñecemento global.

A publicación da mesma é anual, contando con un número ao ano.

## 2. EDICIÓN DA REVISTA

### Cuestións cuantitativas:

- Periodicidade da publicación: Anual
- Edición en papel: Tirada 300 exemplares
- Edición PDF: Ilimitada
- Edición dixital: Sección de publicacións da páxina web do COTSG
- Coste da subscripción anual: Gratuíta (envío en formato papel a entidades de referencia: COTS, EUTS, Consello Xeral, Universidades, Consello Xeral, etc.)
- Distribución: Distribúese á listaxe de entidades recollidas no Anexo I, que será obxecto de actualización anual.

### Cuestións cualitativas

- Portada: Título , número da revista, ano, e logotipo do Colexio de Traballo Social
- Contraportada: Logo do organismo que subvencione a revista
- Pax. 1: Contraportada en grises
- Pax. 2: Xunta de goberno, Responsable da edición, mesa de redacción, edita, data publicación, imprime, ISSN, ISSN electrónico, dep. Legal. Nota: Fervenzas non se responsabiliza das opinións expresadas polos/as autores/as nos seus artigos, nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados

- Seguintes páxinas segundo contido, sumario e limiar
- Nas últimas páxinas publicaranse sempre as condicións e requirimentos para presentar os artigos científicos

### **3. A MESA DE REDACCIÓN**

A Mesa de Redacción elaborará os obxectivos estratéxicos da publicación tanto en relación co seu formato, o seu contido, así como cuestións de difusión. O funcionamento da mesa de redacción pode revisarse cando se estime oportuno e en todo caso cada 4 anos debe realizarse unha revisión e actualización do mesmo.

**Composición e funcionamento:** A mesa de redacción estará composta por:

1. Un/unha representante de cada unha das EUTS de Galicia.
2. Unha persoa colexiada no COTSG de cada provincia, podendo haber outras dúas persoas de calquera provincia.
3. As persoas integrantes do Comité Científico Asesor.
4. Unha persoa da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

En canto ao perfil das persoas candidatas a formar parte da mesa de redacción valorarase positivamente o cumprimento da representatividade territorial, a experiencia investigadora (publicacións realizadas), experiencia profesional e formación académica relacionada coa investigación. Cando existan vacantes na Mesa de Redacción, publicarase esta circunstancia en todos os medios de comunicación e difusión do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Participará nas reunións da mesa de redacción a/o técnica/o do COTSG cuxas funcións serán as de coordinación da mesa de redacción e apoio técnico.

A Mesa de Redacción terá un funcionamento democrático e as decisións tomaranse sempre por consenso, soamente no suposto excepcional de non acadarse este, adoptarase por maioría simple.

#### **Funcións da Mesa de Redacción:**

O traballo das persoas participantes na mesa de redacción consiste en:

1. Participar na liña editorial da revista.
2. Elaborar obxectivos para crear plans estratéxicos editoriais para o seu funcionamento.
3. Seleccionar e implementar a definición da revista: misión da revista, tipoloxía dos artigos, perfís das autoras e os autores, estilo, etc.
4. Establecer os contidos da programación anual da revista.

5. Elixir os temas, buscar e seleccionar autoras e autores, e coordinar cada número da revista.
6. Determinar que artigos serán obxecto de publicación e cales non con base nos informes de avaliación.
7. Difundir a revista nos foros internacionais para potenciar a súa visibilidade.
8. Avaliar a súa evolución e facilitar apoios para a súa mellora.
9. Promover a inserción da revista en bases de datos e plataformas de avaliación de revistas e repositorios.
10. Promover intercambios de revistas no ámbito estatal e internacional.
11. Velar por que a revista alcance estándares de calidade internacional.

O Colexio facilitará os medios técnicos e materiais para a realización das funcións propias da Mesa de Redacción, así como a cobertura das dietas que se poden producir no desenvolvemento das mesmas, que inclúe os gastos de desprazamento ás reunións e xuntanzas necesarias.

#### **O Comité Científico Asesor**

O Comité Científico Asesor é un órgano consultivo, de apoio e asesoramento á Mesa de Redacción da revista. Estará constituído por profesionais da investigación do ámbito galego, académicas e académicos con experiencia en distintas áreas e correntes das ciencias especialmente vinculadas ao Traballo Social, os Servizos Sociais, as Políticas Sociais e a Intervención Social.

O Comité Científico Asesor estará integrado por un número variable de compoñentes, quen se irá incorporando na medida que se considere necesario.

As funcións principais do Comité Científico Asesor son:

1. Aconsellar á Mesa de Redacción no establecemento da liña editorial, nos plans de acción da revista a medio prazo, e en materia científica.
2. Recomendar temáticas para os números da revista consonte a súa área de especialidade: propoñendo actividades editoriais ao respecto, temas para a revista, propostas de autoras e autores, etc.
3. Exercer cando corresponda, e pola súa especialidade, as funcións de avaliación de artigos.
4. Asesorar na elaboración de estratexias de difusión da revista e colaborar nela.
5. Velar, en todo momento, polo éxito e a reputación da revista.

O nome das persoas que compoñen o Comité Científico Asesor figurará en todos os números da revista.

#### **4. CRITERIOS DE ADMISIÓN E SELECCIÓN DE ARTIGOS**

A selección dos artigos, realizarase por consenso, no caso de ter mais artigos que espazo na revista ou dúbidas ao respecto, poderíase pedir asesoramento externo.

Os criterios de selección dos artigos aplicados pola Mesa de Redacción serán criterios de calidade utilizados habitualmente no ámbito académico e/ou profesional. Así mesmo, o Colexio de Traballo Social de Galicia e a Mesa de Redacción non permitirá a publicación de artigos que puideran atender contra os principios éticos e/ou deontolóxicos da profesión.

A Revista Fervenzas e polo tanto o COTSG, non se identifica necesariamente co contido dos artigos publicados, sendo únicas responsables polo expresado nos artigos, as persoas autoras.

Para que os artigos podan ser admitidos na Revista Fervenzas, o autor ou a autora que remite o seu texto debe CERTIFICAR mediante o documento correspondente, os seguintes extremos:

1. Que cada unha das persoas que constan como autor ou autora do texto contribuíu directamente ao contido intelectual do traballo, aproba os contidos do manuscrito e presta a súa conformidade para que o seu nome figure na autoría do mesmo.
2. Que no caso de que o contido fora presentado nun artigo, comunicación ou congreso, a súa publicación na Revista Fervenzas implica unha modificación substancial do mesmo, debendo quedar adecuadamente citado o texto sobre o que se basea.
3. Que os datos e publicacións nos que se basea a información contida no traballo, ou que tiveron unha influencia relevante no mesmo, foron citados no texto e na lista de referencias bibliográficas, facéndose responsable, no que a dereitos de autor se refire, de calquera litixio ou reclamación relacionada con dereitos de propiedade intelectual, exonerando de toda responsabilidade á Revista Fervenzas.
4. Que non se cometeu ningún tipo de plaxio nin os datos utilizados foron falseados.

Valóranse positivamente os seguintes ítems recollidos na ficha:

1. O interese do tema, reflexión ou experiencia profesional presentadas no artigo.
2. A súa innovación/orixinalidade para os traballadores e traballadoras sociais.
3. A fundamentación teórica e a metodoloxía empregadas na investigación ou na experiencia profesional.
4. A metodoloxía empregada na investigacións.
5. A estrutura, lonxitude e claridade de exposición.

Cronograma de tempos:

- Recepción, triaxe previo, envío ás persoas evaluadoras e información á autora ou ao autor: 15 días
- Proceso de avaliación será de 2 meses



- Se non hai contestación, envíase a outras persoas evaluadoras
- Realizar modificacións pola autora ou o autor: 1 mes
- Reevaluación das modificacións por persoas evaluadoras iniciais: 1 mes
- Segundas modificacións por autora ou autor: 15 días
- Proposta final e definitiva das persoas evaluadoras iniciais (ou da terceira, no seu caso): 1 mes
- Se procede, decisión última do Comité de Redacción: 1 mes
- Comunicación á autora ou ao autor de que o artigo é publicable como formato definitivo; aos 15 días da recepción das dúas avaliacións positivas e sen modificacións (rematado todo o proceso descrito)
- Publicación unha vez rematado todo este proceso, cando cumpra ou no prazo máximo de dous anos (xustificar á autora ou autor a tardanza da publicación)

Unha vez tomada a decisión de publicar un artigo seguirase o seguinte procedemento:

- a) Solicitar, no seu caso, ao autor ou autora as correccións pertinentes.
- b) Recibida a versión definitiva, enviar o artigo para o procedemento de tradución (ao galego, castelán ou inglés) e revisión lingüística.
- c) Comunicación á autora ou ao autor de que o artigo é publicable como formato definitivo, enviándolle unha comunicación de aceptación (Anexo II).
- d) Enviar ao autor ou autora un documento de autorización de explotación do artigo para que o asine.

As tarefas enumeradas anteriormente serán realizadas pola persoa designada no COTSG para o apoio técnico, agás a da letra a) que deberá ser realizada polas persoas da Mesa de Redacción que se propoñan.

Unha vez publicada a Revista Fervenzas enviaranse a toda as autoras dous exemplares en papel do número da revista e un certificado e agradecemento por ter participado co seu artigo.

**Visto e Prace:**

**A Presidenta**

**A Secretaria**

**Asdc**



**ra**



**jez Fernández**

Asdo: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q15690160)  
o día 24/08/23 cun certificado emitido por:  
AC Representación

Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 32672820D  
o día 24/08/23 cun certificado emitido por:  
AC FNMT Usuarios